



Revista eumesa de estudios

Consello de Redacción:

Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez

Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:

Esther Leira Penabad

Imaxe da cuberta:

Estatua de Alfonso X o Sabio, do escultor ourensá Antonio Faílde Gago (1907–1979), actualmente situada no xardín da Casa da Cultura de Pontedeume

Deseño da cabeceira da revista:

Noli Vilariño

Deseño e maquetación da portada e do interior:

Marga L. Lamas. flopsstudio.com

Impresión:

Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

Colaboracións:

As colaboracións deberán dirixirse a
“Cátedra. Revista eumesa de estudos”
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 – 15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

Páxina *web* da revista:

catedra.pontedeume.es

Edita: Concello de Pontedeume

Dep. Leg.: C-1702/93

ISSN: 1133-9608

Esta revista está subvencionada
pola **Deputación Provincial da Coruña**

PRESENTACIÓN

Non tiña nin once anos cando escoitei falar por primeira vez de Cátedra. Revista eumesa de estudos.

E xa son vinte e dous anos véndoa crecer e tendo a sorte de poder disfrutala como publicación de referencia no eido dos estudos locais e coma pilar básico na preservación, coidado e defensa da nosa cultura, do noso patrimonio e da nosa historia.

Nas seguintes páxinas poderemos achegarnos aos artigos dos once autores e autoras que xunto co Premio de Investigación do Concello de Pontedeume bríndannos a oportunidade de ser coñecedores e partícipes dos seus estudos e traballos desenvoltos.

A través das súas investigacións publicadas nesta edición, onde se abordan temáticas tan variadas como a iconografía, os castelos, as escolas... da nosa contorna, logran situarnos un pouquiño máis preto do noso pasado. Para eles e elas vai todo o meu agradecemento pola súa tarefa.

Tampouco quero esquecerme do Consello de Redacción e do seu empeño en incrementar a proxección que Pontedeume se merece a nivel cultural, académico e editorial.

Cátedra, unha revista que mira a través do estudo ao noso pasado e que consegue que nos sintamos orgullosos das nosas raíces. Unhas raíces nas que se sustentan o noso presente e o noso futuro.

Bernardo Fernández Piñeiro
Alcalde de Pontedeume

